

No Lombo do Atlántico



Relatos de auga e sal

Verán 2008

VIEIROS.COM

*Os relatos que compoñen esta obra
publicáronse no xornal ao longo do verán
de 2008, en doce semanas rematadas no
29 de setembro, escollido polas Nacións
Unidas como Día Mundial do Mar.*

No lombo do Atlántico

<http://www.vieiros.com/especiais/no-lombo-do-atlantico/> (na web)

http://www.vieiros.com/media/No_lombo_atlantico/Lombo_Atlantico.pdf (en .pdf)

Edita: Vieiros.com

Colabora: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Xunta de Galicia

“ Para un verán de argazos,

barcas novas mandamos labrar.

Vieiros xuntou as marcas dun compás
con sede de auga. Os amigos de salitre e
sol e chuva escribiron para nós nas sextas
feiras en marea de doce semanas, con
remate no setembro do Día Mundial do
Mar e das lagarteiras. Das Illas Cotovías,
que as hai, meu Sinbad, coma cascas
de laranxa, ao Mar Maior. Do Mar dos
Espellos á Marola, por mares nunca
de antes navegados. Iremos con Benito
Soto nos galeóns de Rande, recalar un
instantiño no peirao da néboa.

Por tamén navegar.

Os relatos

Oes, fálame do mar, ho

Suso de Toro

(Escolleu como localización a zona de Laxe)

- Como andamos hoxe?

- Feito unha porquería. Este tratamento déixame desfeito. O meu mal vese que non ten cura. Xa llo vexo na cara da miña muller cando ven verme. Como vas ti?

- Non sei. Supoño que vou tirando. Así que ti eras mariñeiro.

- Era. Son. Non son outra cousa, xa non podo ser outra cousa. A miña vida foi andar no mar.

- Oes, fálame do mar, ho.

- Que che fale. E que che hei falar...O mar...éche moi grande.

- Home, iso ben cho sei.

- E porque o sabes?

- Pois porque teño visto algún mapa do mundo. E téño visto na televisión.

- Que has saber. O mar éche moi grande. Máis grande que o mundo.

- Home, que o mundo...

- Pois é. Porque o mundo acábase, non acaba? Ti dalo andado. En auto ou en avión ou en tren, ti dalo andado, non dás?

- Home, si. E, se imos ao cas, o mar tamén.

- O mar non. O mar non ten límites. Ti vícheslle algunha vez límite ao mar?

- ...

- Non ten, non ten límite. E non penses que é todo igual, porque é todo distinto, agora é así e o barco segue para adiante e logo o mar é doutra maneira, agora é liso e logo non, agora é manso e logo non. E onde era azul mañá é verde, e onde o mar facía ovelliñas coa espuma agora está chan. Nunca é igual, sempre cambia, sempre é o mesmo e sempre é diferente.

- Visto así...

- Non hai nada que ver, o mar non se deixa ver. Nunca ves como é, nada máis está aí. E non lle importa se ti vas a el ou non, se ti pasas por el ou non. Eu andei por todos os mares e o mar non me lembra, non sabe que existo sequera. Ai, este mal róeme as tripas.

- Chamo aos enfermeiros, doulle ao timbre?

- Non, non, deixa. Déixame. Non me fagas falar...

- En que pensas?

- En nada. No mar. Cando eu morra ha seguir alí. Aquí estou lonxe.

Á quedada do mal tempo

Alexandre Nerium

(Escolleu como localización a zona de Fisterra)

Oírase falar aqueles días que un barco azul de maior arboradura que un trincado, ben estivado no castelo de proa de caucho e madeira de ébano, ó seu paso por terra do Mañoto, cara á estribor corréraselle a carga e, para endereitar a goleta, tiveran que desprenderse dunha parte de fardos de aquela tan prezada goma virxe.

Ombreaban as Albas e a Carraca apenas esfolaba.

Íase quedando o mar a ollo e os mascatos auguraban o bo tempo.

Sáíran a tentar –acaso a travesía fixera atracar algún robalo ós secos-. Tomaran rumbo ó sur, ó socairo do Cabo e, ó pasar o Tordeiro ameazante e o infausto Socabo, arrostraban a vil Costa da Morte e a buceta suspiraba entre as rutías.

As mulleres erguéranse ben cedo a habilitar os chismes: as sedelas: torcidas e anoadas crinas de cabalo que trouxeran de véspera de Chaín e Certeghuas. Eles, á procura dalgún patelo ou urola que a resaca guindara cara á praia e que, ó fin, servirían para iscar os anzois fortemente atalingados ás grupas.

- Teremos que vogar contracorrente, dicía o máis sabido de abordo, -a auga corre a sur cando o mar baixa-.

- Emproaremos ese azoute infernal dos xaramiños aínda que nos cubran os salseiros, até alcanzar o Roque (un baixío ó noroeste do Centulo), pode que alí asomase algunha chasca.

Ó chegar ó destino, trala longa e pausada singradura; Chuco, o do Marragho, que vogaba dacarto, tomou os remos e Ramón, o de maior baquía, que portaba nas mans o guión de cose, aseverou as marcacións e ordenou lanzar os estrames polo costado de sotavento. Non se sentiu trabada, nin se asinara peixe.

Escrutou o horizonte. Subitamente, co seu lene aceno, moveu a gorra dunha banda a outra, apertou o cello para que o sol non reflectise a dor na súa vista, mirou ó lonxe e, ó pé da espuma sólida, na flor da auga, aboiaba o recendo da cálida incerteza. Devagar, fóronse aproximando e as pupilas abríronselle como saín no pélogo, como as ovas de polbo que espellaron da fondura o infortunio.

Retomaron o rumbo, e case ó recalar na arnela da Ribeira, xunto á Pedra do Rei, escóitase a voz sinistra do patrón.

- Agochade os chalecos que alumean, no tambucho de proa, a ver se don Luís, o contramestre, váínolos comisar.

Este mar

Luisa Castro

(Escolleu como localización a zona de Foz)

O de Foz é un mar imprevisible.

Hai días de inverno nos que parece entregado coma un gato ruso azul. Os rusos azuis, raza mansa onde as haxa, como felinos que son tamén son nocturnos, e este mar de Foz ten un pouco diso, de noite é cando mellor o ves.

Bañarse aquí, na praia de Llas, ó anoitecer, co sol pónndose tralos montes do Cadramón, é un privilexio prós sentidos. De vrao, de súpeto e a plena luz, ponse bronco, e non hai quen se achegue a el. Entón, visto de lonxe, a unha distancia prudente, tráechete tódolos sons da infancia esquecidos, o marmurio de todo un pobo.

Corre por aí un infundio que di que o mar de Foz é moi frío, o máis frío de toda a costa cantábrica. Míntira, coma tantas. Asegúrovos que no mar de Llas hai mellor temperatura que nas Rías Baixas. Será porque nós, os de aquí, temos tamén outra temperatura corporal, pero a min meterme nestas augas vivíficame, devólveme á infancia, á comunión coa natureza, e se non hai moita xente, de madrugada ou ó anoitecer, mellor aínda.

As ondas veñen sempre despeiteadas, é un mar un pouco tolo, sen moito xeito, pero eu enténdoo, non agardo del harmonía nin ritmo, ten o seu propio compás un tanto dodecafónico.

De nena contáronme que a praia de Llas era unha praia de desembarco militar en caso de guerra, non sei por que esta imaxe me fai pensar no desembarco de Normandía, e logo sempre penso: en caso de que guerra? Por aquí andaron normandos, ingleses, vascos e escoceses e deixaron as súas pegadas nos nomes da xente.

Ten outra cousa este mar: non fala. Parola, parola sen parar, é o verbo esencial das mulleres e do mar: un parolar incesante que te chama, que te xongue a el. Que quererá dicir?

Saudade da ría

Marta Dacosta

(Escolleu como localización a zona de Vigo)

Alí estaba. Detrás da porta de dobre cristal que me separaba da vertixe á altura e do cheiro do mar.

Durante un intre sentín o tobogán do tempo amoreándose na memoria e tentei apreixar a visión do mercante como unha fugacidade necesaria. E non era o mercante inmenso, coa súa manobra titánica milagreiramente conducida polo remolcador e o práctico, o que verdadeiramente me importaba. Era a visión do mar, as illas envoltas no solpor amarelo e frío, tan próximas e distantes. Era a visión do recheo recente, que substituíu o mar que me vive na memoria, cando entre a ventá e a auga case non había nada e agora hai almacéns e peiraos inzados de automóviles manufacturados sen descanso da cadea, por esa mesma empresa na que eles traballaron, a mesma empresa en que viviron a folga do 72, a mesma empresa en que viviron a clandestinidade e que suxeita os traballadores con man de ferro.

Nun intre todo está na memoria, o avó miope que axexaba a ría e contaba arrosas e nubes. O moble que perdura e onde eu posaba para a cámara, sen ter aínda un ano. As carreiras no balcón estreito e longo, por entre a roupa colgada nunha noite de festa. A tristura de que o meu fillo nunca poida lembrar como era a ría, antes dos últimos recheos.

Alí estaba. Tras da ventá da casa dos avós, esa casa en que viviron varias xeracións e pola que todas fomos pasando, a casa en que fomos nenas e mozas, a casa que visitamos na súa soidade. Segue igual, cos seus inmensos patios polos que escoitaba as voces das veciñas ou polos que ascendía o arrecendo das caldeiradas. Mais xa non están moitos dos seus propietarios, os vellos mariñeiros e as peixeiras que foron atracando do outro lado do Leteo. Din que os depredadores urbanísticos visitaron a zona, osmando tantos metros cadrados de patio lóbrego para encher de ladrillo.

Eu sei que esta alma de auga sentirá o alento da orfandade se un día desaparece a silueta branca e pedra das casas da Corea, esas casas encabalgadas entre dúas rúas, as casas en que mulleres e fillas ollaban o mar e podían acompañar a saída e a chegada dos barcos en que viñan os pais, os mozos, os compañeiros...

Non podo evitalo, sentirme triste, triste cando comprobo que a ría é a cada pouco máis pequena, e case non podo ver Cangas. Triste cando os corredores que foran lugar de encontro e canle de berros e aromas, están silenciosos. Triste porque tal vez un día xa non estean, como o mar, afogado en cobiza e formigón.

Eu son home de mar

Xosé Neira Vilas

(Escolleu como localización Cuba e o Golfo de México)

...porque se ten que ser así, que sexa e acabouse. Se teño que vivir de vello nunha aldea do interior, moi bonita de montes e agros, moi florecida na primavera, non o nego, nin nego os paxariños, nin as bolboretas, e máis ben digo que este lugar onde vive miña irmá é un paraíso. Todo é certo, pero o mar...

Eu nacín en Ares, e mira ti, desde cativo xa botei a rede de cerco. Pero un día, con só trece anos, marchei a Cuba con meu tío Samuel, que viñera dar unha volta. Asentei na Habana Vella e enroleime nun viveiro, eses barcos de vela que tiñan un estanque no medio e o peixe chegaba vivo porque a auga do mar entraba e saía por uns furados.

Andei pescando cherna e pargo alá polas augas de Iacatán e da Florida, e paseinas cabronas, gañando primeiro media parte e pasado un tempo xa era un mariñeiro coma todos, aturando os abusos dos armadores, e aturando os ciclóns que aparecían cada tanto e viñamos todos na cuberta, a todo dar, sobre montañas de auga, amarrados ós paus e tendo a man as machetas de abordaxe por se había que derrubar o velame.

Pero tamén tomei parte nas festas mariñeiras de Casablanca e de Regla, e na illa mexicana de Mujeres, onde nos querían moito. E fun un dos cento vinte aqueles que en 1937, tras pescar en augas non debidas, é dicir, onde os armadores

dispoñían, fomos detidos cos 17 barcos e leváronnos a Progreso e alí estivemos tres meses, porque o peixe podrecera e non queríamos perder as semanas de marea, pero os donos dos viveiros arre que non, ata que tiveron que afuciñar e voltamos á Habana, triunfantes, e en todo momento apoiados polos iucatecos e por Lázaro Cárenas. Eran, como cho conto, tempos de loita e de aventura fodida e ó mesmo tempo bonita para quen lle guste o mar.

Podería contarche... de Lourenzo, analfabeto que coñecía o Golfo metro a metro e déronlle o diploma de patrón; de Otero, que foi xuíz popular cando chegou a Revolución do ano 59; de Desiderio, de Pontedeume, que era boxeador e gañoulle a un capitán da Marina e uns soldadiños queríano mallar por ter vencido ó seu xefe; de Rosendo, o mariñeiro que levaba cans e gatos no barco e xulgábaos cando se portaban mal e disparáballes un tiro ou guindábaos ó mar.

Tantas cousas... Folgas, ciclóns, naufraxios. Pero o compañeirismo era total. Todos para todos. Un día xubileime, vivía só, púxenme mal, e miña irmá arre con que viñese, e aquí estou. Contento á beira dela, pero fáltame o mar. Un día leváronme a Noia, e vino pero sóubome a pouco. Terei que afacerme ós piñeiros, ás leiras...

Terranova Musical

Xurxo Souto

(Escolleu como localización Terranova)

A carón de Terranova, Saint Pierre et Miquelon, esa illa pequecha de dominio francés, onde recalaban no tempo do bacallau as catro tribos mariñeiras: galegos, portugueses, vascos e vascos de Muros. E en Saint Pierre, a Estrella. Tamén coñecido como o baile do comunista, porque o propietario, buzo do porto, saudaba dende o peirao: Saúde camarada! Enriba dunha mesa tocaba o acordeón Américo, un rapaz, francés de nación, que dominaba o repertorio enxebre –conforme ás peticións dos clientes- dende o Rodaballo á Rianxeira.

Tiña habido boas canfurnadas na Estrella pero fixo falta que no ano 60 arribase unha parella de bacallaeiros, o Bastiagueiro e o Riazor, para que en Terranova soubesen o que era amar festa.

A culpa foi dun de Sada: Periquete, o patrón máis novo que mandou un barco nesa auga.

A súa primeira marea moi ben non principiara. Á altura dos Azores comezou o mal tempo e os rexoubes da tripulación: moito océano para un rapaz de vintedous anos.

Pero en chegando a Canadá, conforme viron o xeo no banco da Balea, bateron co bacallao. José Antonio Blanco, honrando o seu alcume, nun periquete deixou

seladas as adegas de peixe. Inmediatamente a parella puxo proa cara Saint Pierre. O desembarco foi ata o mango como din en Malpica, ou moi llongue, estilo Portosín.

O primeiro día na Estrella houbo baile e festa a oito. No amecer do segundo –como xa non sabían que habían facer- principiou unha loita.

A ninguén lle acordan os motivos, mais todos os veteranos lembran o berro de arenga que Periquete lles botou: Adelante mis muchachos! Se gañamos hai cervexas, pero se perdemos non !

No cénit da batalla comezou a correr perigo o mobiliario maior (as mesas e as cadeiras non contan, alí son de piñeiro). A señora María, patroa da casa, por fin descolgou o teléfono e chamou aos xendarmes. Como non era quen de describir polo miúdo tanta coreografía de golpes, resumiu os feitos cun berro: España en Guerra!

E a policía chegou. En todo Saint Pierre só había catro axentes. Cando viron a entidade dos contendentes: a tripulacións enteira de dous bacallaeiros, inmediatamente decidiron acuartelarse.

Escuso fozar no detalle, os festexeiros eran xente forte, tardaron dous días en cansarse.

Cando o Bastiagueiro e o Riazor arribaron de volta á Galiza, dende o Muro ao Berbés, xa se escoitaba cantar polos peiraos esta repichoca. Apeza que o maquinista Blache lle armara alén do mar ao seu patronciño novo:

*O Bastiagueiro e o Riazor
a facer consumo foron a Saint Pierre
e os tripulantes pediron permiso
pra saltar en terra, despois de comer.*

*Así que cenaron, saltaron en terra
e para o Estrella foron a bailar.*

*¿Que clase de baile usaba esa xente
que houbo máis sopapos que onde os fan?.*

*Como empezou a función, eu non llo podo dicir
que llo diga Periquete, que tamén estaba alí.
Berregaba Periquete, á súa tripulación:
“Adelante, mis muchachos, si ganamos seis cervezas
pero si perdemos non, darlle duro da cabeza”.*

*Aquelo foi de medo o que alí pasou
aquelo parecía un combate naval.
Teléfonos e gonios e as telefonías
e tamén o dixo a radio local.*

*¿Que fixeches Periquete, Periquete que fixeches?
pedazo de mamalón, quixeches tomar Saint Pierre
a estilo Napoleón.*

*E dentro de pouco se sabe en Betanzos
na ciudá de Sada xa o saberán,
e andan dicindo que eres unha bestia
que non tes sentido nin formalidá.*

*¿Que fixeches Periquete, Piriquete que fixeches?
pedazo de mamalón, quixeches tomar Saint Pierre
a estilo Napoleón.*

Dixo Staffan Morling: “Galiza non é unha fin da terra, é un centro do mar”. O talento transatlántico de Blache -un de Baiona- así nolo demostra. Velaquí soa, a carón desta nota, a repichoca de Terranova na gorxa do seu autor. Música galega que naceu alén do mar. Terrícolas e terrícolas que vos preste. E gloria a Periquete! o patronciño novo que armou Saint Pierre a canfurnada maior.

Está subindo a marea, ti non quedas varado en seco.

Carnota

Pilar Beiro

(Escolleu como localización a zona de Carnota)

Estás aí, coma conmocionada, con ganas de lle largar iso que nunca dirás. Remoes a primeira vez que eses teus ollos se fixeron prado, para a auga e para a luz. Veloz coma un estralo. Pronuncias unha frase con toda a sintaxe dislocada.

Tanxes un órgano ignoto co seu ritmo sanguíneo, particular e celular. Viscera prelingüística que te acompaña mentres le temps s'en va.

E aí fica a frase, aboiando, aire no aire. Fóra de texto e de contexto. A carne fíxose verbo e ten agora ao logos collido polo pescozo (o pescozo do paxaro louco) que incómodo e frenético, espernexa.

Logo do esganamento simbólico pódeste mergullar canda o nordés na auga verde e xélida. Un arrufamento que xa non precisas:

Nótese que a tal frase vén de ser sorprendida, estombeada e arrastrada con violencia súpeta por implacables e contumaces vagas do areal do Tombo.

Emerxe sincopada, entre tusidos, rebozada en area e tombeando, igual que unha panada de valume, a súa felicidade náufraga.

Podemos ver brillar a nácara e o sal, translúcidos argazos que se saben nómades

así como cadáveres indescifrables colonizados por minúsculas criaturas en tránsito.

Ole ao metano da descomposición e da mestura. Ao metano de Lucrecio, da perda e do porvir. Si, impacta marabillosamente, máis que arrecender.

Tal coma Venus que te amolece e que te afrouxa. Abres a man que se apresura a recibir unha estrela caída por acaso, dunha constelación que fica mais abandonada e tamén mais lixeira e avesía. Cisma nos emborcados ou na perda do aire, na violencia silente de tan agallopante palidez.

A man de Venus, a que remite aos labios máis sabios e sensibles, é das que deixan discorrer e traspasar. Deixan pasar o paraíso igual que os folletos turísticos. Ese acontecemento, baleiro de cinco puntas ou xineas polo que ti agora miras o duplo cromlech vexetal e pétreo ao que sempre regresas, arrombando a fonética esvaradía e íntima das moitas despedidas. Ás frases sincopadas o snobismo abúrreas.

Polo demais, unha vella alianza entre un cerco de lume e un vento feroz. Ríos de cinsa e señardade, nada discorre manso, ningunha frase. Nin esa albura irisada dos concheiros coma esquecidos arsenais arredados tentando a súa sorte, con toda a sintaxe dislocada.

Cálidas e revoltas, as augas deste aquel e da surada. Navegamos.

Guindastres

Rexina Vega

(Escolleu como localización a zona de Vigo)

A cidade nova, que medraba con desorde e voracidade, derramouse logo neste vasto polígono a carón do estaleiro, a onde cheguei acubillada aínda no colo da miña nai.

Durante toda a infancia tiven que soportar a maldición das horas de entrada e de saída marcadas pola bucina industrial. Unha chamada estridente como o corveo dunha pega sobrevoando este aire sempre gris. Un sinal que te fura por dentro, que ritmicamente te sacode cunha urxencia de ambulancia, de coche de bombeiros, de desgraza.

Durante anos e anos, desde a fiestra, desde unha desas duascenas galerías aliñadas en bloques que se poden ver na miña rúa e onde nunca dan secado as medias e os calzóns, os monos de operario e as batas guateadas, dediqueime a observar o traballo no límite da auga.

Baixo o neboeiro continuo e os refachos de chuvia miúda albíscanse as luces de posición dos guindastres, suspendidos sobre as moles dos barcos abertos. Chega o eco musical das láminas de aceiro golpeadas. De cando en vez tremen no aire faíscas azuis. Estanse a erguer, medran. Dende a miña fiestra vexo como avanza eses xigantes, eses enormes fetos mariños, como se lle apegan as costelas, como se recobren pouco e pouco da pel de metal, do ton do cobre enferruxado, do

grimoso laranxa do minio, da perfecta, da sólida capa de vermello, de verde, de negro.

Entre a brétema e o leve cendal da poalla esta cidade parece alucinada e mutante, obreira e triste. E póño-me a pensar se a chuvia caerá por riba das barcazas, das bateas, como caerá en Shangai ou en Bangkok, na Asia submisa, industrial e líquida.

Abaixo, na rúa, nas paredes lisas de cemento destes grandes bloques para obreiros, os lemas de grafiti son berros que escorregan, amolecidos pola humidade.

Se alguén fixese de verdade un souvenir, non unha cuncha nacarada con galeguiños de plástico, non un hórreo de madeira de escarv dentes, se alguén se decidise a facer algo que realmente resumise o espírito da cidade habería de dar, penso eu, unha bóla de cristal cun guindastre de estaleiro. No medio da auga avolta un barullo de homes, barcos e edificios presos ao mandado do brazo de metal, como unha maldición.

Mar Pequeno e Mar Grande

Xabier Paz

(Escolleu como localización a zona de Foz)

Os veráns dos anos postremeiros da nenez foron máis veráns que os das outras vidas. Os vós non? Iso lembro agora ante a desfeita, no medio do estrago. Comezaban coas peras urracas e remataban cos figos serodios, de San Miguel, e polo medio desfilaban pexegos, cirolas, fatóns e peras, todas de moitas razas diferentes. Uvas non que na mariña non hai uvas, faltan horas de sol e sobra humidade durante todo o ano.

Tanto daba que fose na vila ou na aldea, no verán sempre había mar. Claro que era mellor na aldea porque había dous mares e dúas praias con menos xente e con máis aventura. A aldea tiña O Mar Grande, co seu enorme saurio no medio, varado na baixamar, grande area aberta de ondas ruxidoiras, con entretidas rochas, furnas e, en marea baixa, moitas pozas morada de caranguexos, queimacasas, camaróns e lorchos, obxecto dos nosos safaris mariños. E tiña tamén o Mar Pequeno, chaira de area e lama, sen ondas nin turistas, reino dos longueiróns e dos cagulos, da xorra e dos berberechos, paisaxe de lacustre amenidade co millo a pe de praia e a súa ponte ao fondo. Nas mareas vivas o Mar Grande, praias e acantilados, convocábanos a aventura do polbo. Nos días sinalados, ás veces antes de alborecer, acudiamos armados de garfos mangados en longos paus de cerdeira, iamos cachear as tocas onde moraban as prezadas e estrañas criaturas. Sempre apañabamos algún e regresabamos a casa co trofeo aínda vivo.

Tamén tiñamos, para o noso exclusivo lecer, o Mar Pequeno, foz ampla, que viraba de lago apracíbel na enchente a rego de camiñar apurado, perigosa corrente, na baixamar. Nel practicabamos a sorte do sal por atraer os longueiróns á superficie, facíámoslos saír como foguetes fóra da area e asomar o cabo do sifón. Procurabamos os buratos con forma de pechadura e botabamos un chisco de sal neles, se había bicho, ao pouco, un burbullar de auga e area anunciaba a presenza do habitante que despuntaba de contado e era apañado sen dificultade cando xa tiña parte do corpo fóra. Ás veces adiantabámonos a botarlle a man cando aínda non estaba ben asomado e, entón, el deitaba o sifón que deixaba atrás e comezaba a furar, a cavar cara abaixo. Non había quen os puidese apañar, nin co sacho, sempre furaban máis axiña que nós. Viamos o burbullar de auga e area na poza, sinal da fuxida cara ao fondo. Esta sorte do sal era algo máis lenta que a de atravesalos coa figa, pero conservaba os bichos moito mellor por non ferilos. Na baixamar, co lago feito rego, tamén cavabamos na flor da area por apañar berberechos e ameixas en familiar alegría. O Mar Pequeno, a foz farturenta.

Iso lembro agora, mentres conto os guindastres que atormentan o horizonte da outra banda. Iso lembro no medio das cutres urbanizacións desta banda que fan desaparecer o mar que escoito. Iso lembro mentres busco inutilmente a fontela de auga ferruxinosa que saía da pedra, case a rentes do chan, ao pé do acantilado, e agora xace sepultada na area por mor dos cambios das correntes traídos polo insolente espigón veciño.

I'm free

Francisco Fernández Naval

(Escolleu como localización a zona de Lira)

Erguíase de madrugada, sempre antes do sol; baixaba ao porto e, mentres o patrón e os homes tomaban café no Pedra Pás, achicaba o bote, comprobaba os niveis e cortaba a carnada. Xa embarcados e mentres navegaban cara o punto das marcas, encarnaba as nasas, deixando que os compañeiros ordenasen a cacea contra a popa. De volta achicaba o bote, reparaba o aparello, baldeaba a cuberta e regresaba á casa.

Pechara a conserveira na que traballaba, separárase do home e morréralle o pai, todo en tres meses. Fora un tempo cativo, soa e con tres fillos aos que contemplaba con tristeza e que, dende o espello dos seus ollos, devolvíanlle un reflectir confiado, a seguranza dunha febre incondicional, porque ela era o fogar, a protección e o acougo. Por eles decidiu ir ao mar.

Ese é traballo de homes, repetíanlle a avoa, a nai e as tías. A ela, andar ao mar sempre lle parecera algo alegre, aínda que agora aprendera que nel son moitos os momentos de soidade, moito o tempo para pensar e cismar no futuro. Os homes aceptárona ben, tíñana por mascota, pero a súa iniciativa foi rexeitada por todas as mulleres da parroquia, que dicían terlle mágoa: tan nova, tan miúda, tan bonitiña e andando ao mar. Miúda si era, tamén bonita, pero eles integrárona na cadea de traballo. A súa confianza estaba no patrón. Pensaba que, de haber perigo, non sairía ou regresaría axiña, e esa certeza era o seu acougo. Entón

viñeron o Prestige e a súa sombra.

Os homes ficaron nas tabernas, celebrando a sorte de cobrar sen esforzo, algúns soñando con que o mal perdurase. Pensouse perdida. O subsidio duraría un tempo, pero iso non sandaría o mar e, sen mar, quedaba sen emprego. Anotouse como cociñeira en canto abriu a carpa de acollida aos voluntarios que chegaban de lugares afastados. No mandil mandou imprimir a lenda: *I'm free*, que non só proclamaba a súa situación persoal, senón a condición principal do seu carácter.

A liberdade levouna lonxe, a ela e aos fillos. Co home que soubo ler o seu corazón e o seu sorriso, regresaba cada ano polo verán, cando as festas da parroquia. No porto fondeaba aínda o barco no que sucara o lombo do atlántico, a cuberta da súa liberdade, a memoria da súa suor que era de sal, coma a dos homes.

Cara ao facho de Donón

Xosé Vázquez Pintor

(Escolleu como localización a zona da Costa da Vela e Cabo Home)

- Bótalle unha!

Nubeiro bota unha e dúas, tres e catro. Loce o mar. Rebrinca ás veces e outras tantas vai mansiño de cabalos de gasoil cara ao peirao de sempre no solpor ou de amencida. A lonxa é unha maré de xente en terra de voces que cantan matemáticas, coma se as táboas, coma se as contas, coma se todo fose fulgor, remate, desaparición do peixe e lucería de coches terra adentro, dentro, cabo de lonxe, nin se sabe tanta trastornada.

Nubeiro bota a última na taberna de Baiuras, que ten viño de Cela e de Donón a un tempo; viño que canta no carolino e na cerámica, no peito do mar e no pau de buxo. A noite é. Vai de camiño. Beluso conduz a Udra coma un neno leva da mau aquel xoguete. Gaiteiro pérdese na noite e olla ao lonxe desde Ancoradouro, a praia das tantas recaladas cando hai medos. Escoitara dicir de Cabo Home e Soavela, Hío de Nerga e de Donón, ou viceversas que non lembra, tantos anos xa de cando na Terra do Medio abrira os ollos e os ouvidos ás novas luces, outras voces que son do mar de noso coma o pulpo e as sardiñas.

- Quero saber.

E sabe a noite a mar en craro, arde. E arrecende a auga do cacho nas almofías

dos corredores das casas. Auga que espera a ser de mañá cedo, cando é a primeira luz do día de san xoán. Encantenón as cacharelas son noticia e corre o son das voces e dos ecos. Hío é pasada Aldán. E medra a noite en festa. Gaitero chuza e chega á vista do Cruceiro-Calvario máis fermoso do mundo, que saíra das maus de Ignacio Cerviño: christo que arde tamén hoxe en pedra distinta e ilumina ao músico cara á Nerga, que peneira o mar das Cíes. Praia que se fai de soño, areal das noites en misterio, pasos de lebre polas dunas, corredor, ponte de barco, galerna e galería a un tempo dos instintos de cadaquén que quer a danza e a ledicia. Paraíso. Nubeiro acouga e bebe un grolo, o viño que se alza en adubíos. “Donón e Barra, Melide”, escoitara dicir ao lonxe lonxe, coma se a fin da case terra, coma pecado dos espidos. A marabilla da paisaxe loce en luarada. Distinta a luz do Facho. Para onde vai agora a música da gaita, en solitario, desatenta a todas as chamadas de convivios. Para onde vai. Vai. Gaitero Nubeiro sobe en pé de cabra polo peito do Cabo, ese fuciño ou labre ou narís ou bico do Morrazo que bebe na fonte grande do mar, espellando Cíes, lambendo os peitos das Illas Casitérides, os niños dos araos, as vacalouras. A noite que non é prosegue avante coma un buque, un barco pirata, unha chalupa, un zoco de labrego en tolería. Zoquea o noso amigo da Terra de Abeancos en pasos longos de chegar axiña á lucería que din de Soavela, en pasado Cabo Home, en vista xa do santuario de Berobeo, o deus nutricio do atlántico norde, segundo as voces do proveito e relicarios. Soavela. O Facho. Donón. Berobeo. Fica meu señor da foliada, da xota e da muiñeira; o músico máis noso por autente e bebedor das uces e das luces, das fragancias do universo; fica, digo, en sono. E soña ser feliz por unha noite. Aquí.

Primeiro Mar

Agustín Fernández Paz

(Escolleu como localización a zona de Foz)

En 1955 o panorama musical de Vilalba estaba representado por dúas orquestras: a Mato e a Nueva Lira. Elas eran as encargadas de amenizar, como poñían os carteis que as anunciaban, as festas patronais das parroquias e vilas da Terra Cha, de boa parte da provincia de Lugo e, esporadicamente, dalgunha vila do occidente asturiano ou da Coruña.

Meu pai tocaba a trompeta na Orquestra Mato. Aínda que lle daba ben a outros instrumentos, a súa querenza pola trompeta viña de moi atrás, pois xa debutara de neno cunha das bandas existentes en Vilalba nos anos vinte, actuación que merecera unha loanza explícita nun dos periódicos locais e que el gardara na súa cabeza palabra por palabra, como nos revelou por primeira e única vez uns días antes da súa morte.

Moi de cando en vez, meu pai levábame canda el ás actuacións da orquestra. Non o facía cando tocaban nas verbenas ou bailes nocturnos, xaora, pois eses días volvía de madrugada, co tempo contado para durmir un nadiña e marchar cedo para a carpintería familiar, non sen antes deixar encol da mesa onde os fillos almorzariamos máis tarde unha presada de caramelos ou un pirulí de rechamante cor vermella, cando non un ramo de roscas pallaregas. Deixábame ir con el se actuaban nas “sesións vermout” nalgunha festa próxima ou, en escasísimas ocasións, se tocaban nalgún daqueles bailes de tarde que tanto se levaban antes.

Un día meu pai anuncioume que me levaría ver o mar. A Orquestra Mato actuaba nun salón de baile de Foz; tratábase dunha sesión vespertina, rematarían cedo, e debeu de considerar que era a ocasión propicia para cumprirme unha das miñas ilusións. Ver o mar! Eu coñecía das fotos, xaora, e tamén das películas que botaban no Cine Villalbés, un espazo moi semellante ao que tan ben nos amosou Cinema Paradiso, mais nunca estivera na beiramar.

Así que, unha tarde de sábado, aló fun con meu pai. Montamos na rubia do Rizo, xunto cos outros homes da orquestra. E naquel auto, amoreados como sardiñas na lata, iniciamos a viaxe. Pouco lembro dela, as imaxes que gardo na memoria mestúranse coas doutras viaxes posteriores. Sei que chegamos a Foz e que deixamos os instrumentos no local onde despois actuaría a orquestra. Lémbrome logo baixando da man de meu pai por unha rúa estreita en dirección ao mar. Por fin, no remate da rúa, o horizonte ensanchose como nunca e desembocamos na praia de Foz, que aquel día aparecía baleira de xente.

Ese momento permanece gravado coa nitidez dunha foto fixa na miña memoria. Alí estaba o mar inmenso, un mar de profundo azul escuro estendéndose ata un horizonte máis afastado aínda que nas largacías terras chairegas. Foi meu pai quen me animou a baixar á praia e a quitar zapatos e calcetíns, e a meterme logo algúns pasos na auga. E foi el quen me dixo: “Próbaa”. Entón eu fixen cunca coas mans, collín unha pouca auga e leveina á boca. Estaba salgada! Sabíao xa de antes, igual que podía saber que o Amazonas era o río máis caudaloso do mundo, mais unha cousa era sabelo porque viña nos libros e outra ben diferente sentir o sabor salgado nos meus labios, no meu padal, na miña lingua.

Aquel mar azul escuro, aquela area, aquela auga nas miñas mans, aquel grollo salgado na boca, irán sempre na memoria asociados a meu pai. E ao mar de Foz, o meu primeiro mar.

Índice de autores e autoras



Suso de Toro

Nado en Santiago en 1956, é licenciado en Arte Moderna e Contemporánea e leva publicados máis de vinte libros de narrativa, ensaio e teatro. Entre os seus títulos salientan as novelas *Polaroid*, *Tic-Tac*, *Trece badaladas* ou *Home sen nome*. O seu libro máis recente é a compilación de artigos titulada *Outra Galiza*.



Alexandre Nerium

Alexandre Nerium naceu en 1960 en Fisterra co nome de Francisco Manuel López Martínez. En 2003 publicou *Vogar de couse*, un fermoso libro de poemas asolagado polo mar de Fisterra. Agora en 2008 vén de referendar que a calidade da súa voz está chamada a perdurar. A editorial Sotelo-Blanco acaba de sacar á luz outro monllo de poemas: *Nocturnidade do sal*. Nerium que naceu mirando ao Atlántico e traballou moitos anos de mariñeiro, sigue aniñando na alma o océano de Fisterra. Aquí vos ofrecemos a súa primeira incursión no relato curto.



Luisa Castro

Luisa Castro, naceu en Foz. Filla de mariñeiro, medrou a pé do mar. É escritora e columnista. Entre a súa obra poética está *Baleas e Baleas*, *Odisea definitiva* ou *Amor, mi señor*. Algunhas das súas novelas: *El Somier*, *El secreto de la lejíja*, *Viajes con mi padre* e *La segunda mujer*. Co libro *Podría hacerte daño* gañou en 2004 o Premio Torrente Ballester.



Marta Dacosta

Nacida en Vigo en 1966 estudou Filoloxía Galego-Portuguesa e traballa no ensino. Adscrita á xeración poética dos 90, comezou publicando en revistas como *Dorna* ou *Festa da Palabra Silenciada* e antoloxías entre as que salientan *8 e medio* de Edicións do Dragón ou *Negra Sombra*, intervención poética contra a marea negra. Algúns dos seus títulos son *Crear o mar en Compostela*, *Pel de Ameixa* (Premio González Garcés 1996), *Setembro*, *En atalaia alerta* ou *As amantes de Hamlet*.



Xosé Neira Vilas

1928, Gres (Vila de Cruces) Narrador, poeta, ensaísta. É o autor do libro máis lido da historia da literatura galega e tamén un dos narradores que mellor se aproximaron a temas de noso como a dureza da vida no campo e o desarraigamento da emigración. Exiliouse en Bos Aires e A Habana, onde desenvolveu un extraordinario labor a prol da cultura galega e da memoria histórica. *Xente no rodicio*, *Historias de emigrantes* ou *Relatos mariñeiros* son algúns dos seus títulos máis recoñecidos.



Xurxo Souto

Coñecido sobre todo polo seu impulso ao fenómeno bravú e arroutado labor á fronte d'Os Diplomáticos de Monte Alto, banda que deixou hai poucos anos para adicarse a outras afeccións e traballos, incluída a escritura. Publicou *A tralla e a arroutada*, *Fumareu*, *O retorno dos homes mariños*, *Contos da Coruña* e *Tres trebóns*. Na actualidade é subdirector de programas da Radio Galega, onde mantén ademais o espazo musical *Aberto por Reformas*.



Pilar Beiro

É licenciada en Ciencias Económicas e traballa nun centro de ensino. Publicou o seu primeiro poemario en 1999: *Hinterland*. Forma parte da asociación Redes Escarlata, coa que participou no libro colectivo *Xuro que nunca volverei pasar fame* (2003). En 2007 publicou o poemario *Bingo*.



Rexina Vega

Rexina Vega é doutora en Filoloxía Románica e experta na obra de Álvaro Cunqueiro. Actualmente é profesora asociada do departamento de lingua española na Universidade de Vigo e profesora de lingua e literatura galega nun centro de ensino secundario. *Cardume*, a primeira incursión na creación literaria da autora, obtivo o Premio Xerais de novela 2007.



Xabier Paz

Reside en Vigo, onde exerceu diversos oficios. Doutor en Ciencias Biolóxicas, actualmente é investigador (biólogo pesqueiro) no Centro Ocenográfico de Vigo. Como escritor publicou os poemarios *Sedimentos* (2001), *No canto do mar* (2005), *Filoxenia do sangue* (2006) e *Materia de Lucrecio* (2006). Tamén é autor de *Follas do bacallau* (2005), no que recolle a vida a bordo dos pesqueiros de gran altura, e da novela *Renacer* (2008).



Francisco Fernández Naval

A escrita de Fernández Naval abrangue a poesía, a narrativa, o ensaio ou o guión. Conta que chegou á literatura polas historias que lle contaban os pais. Comeza publicando en 1980 o poemario *A fonte abagañada*, premio da Cidade de Ourense que volvería gañar en 2007 con *Miño*. A súa estrea en prosa, *O bosque das antas*, recibiu o Premio Xerais en 1988. Nos últimos anos achegouse ademais á escrita para público xuvenil e de 2005 é *Unha cita co aire*, novela marcada pola reflexión sobre a existencia e a amizade.



Xosé Vázquez Pintor

Nacido en Melide en 1946 é profesor de ensino secundario e escribiu teatro, poesía, literatura infantil e narrativa. Na creación poética ten títulos como *Na vertical da noite*, (Premio Cidade de Ourense 1989), *No corazón mancado* (Premio Esquío 1989) ou *Banzados* (Premio Uxío Novoneyra 2000). Como narrador publicou, entre outros, *Lume de biqueira*, *Quen faga voar* (Premio Carvalho Calero 2000), *A memoria do boi* (Premio Torrente Ballester 2000) ou *Para dicir abril* (Premio Vicente Risco 2007).



Agustín Fernández Paz

Referente indiscutíbel da nosa literatura infantil e xuvenil, a obra de Agustín Fernández Paz vai para medio cento de títulos entre os que podemos salientar *As flores radioactivas* (Premio Merlín 1990), *Cartas de inverno* (Premio Rañolas 1995), *O meu nome é Skywalker* (premios Barco de Vapor 2003 e White Ravens 2004), *Corredores de sombra* (Premio Frei Martín Sarmiento 2006) ou *O único que queda é o amor*, (Premio de Literatura Infantil e Xuvenil do Estado 2008). Hoxe é un dos narradores galegos máis lidos, galardoados e traducidos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS